

BORRADOR DO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CONFIGURA E INTRODUCIÓ A ESPECIALIDADE EN DIETÉTICA NA CATEGORÍA DE TÉCNICO ESPECIALISTA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

No tempo transcorrido dende a creación do Servizo Galego de Saúde producíronse importantes cambios na atención sanitaria prestada nas súas institucións. O dereito á protección da saúde consagrado no artigo 43 da Constitución require dos poderes públicos unha constante adaptación das estruturas sanitarias ás novas necesidades, e a incorporación a ditas estruturas, cando sexa procedente, de persoal cunha formación profesional específica para a realización de determinadas funcións.

No ámbito hospitalario veñen funcionando unidades encargadas do deseño e control das dietas e dos alimentos que se lles subministran aos pacientes, co fin principal de garantir a súa calidade e a súa adaptación aos distintos procesos patolóxicos.

Para a súa correcta xestión operativa parece adecuada a incorporación de persoal formado especificamente para esas funcións, sen prexuízo de que concorran no desempeño da antedita xestión con outras categorías de persoal sanitario e de xestión e servizos.

Preténdese pois incorporar persoal técnico especialista que, baixo a supervisión correspondente, colabore na elaboración de dietas adaptadas ás necesidades dos pacientes e no control da calidade das mesmas e dos alimentos subministrados, así como na organización e xestión da correspondente unidade.

O colectivo de persoal que se axusta a estes requirimentos é o que acredita o Título de Técnico Superior en Dietética establecido polo Real Decreto 536/1995, do 7 abril (BOE nº 131, do 2 xuño).

A creación da nova especialidade, dentro da categoría de técnicos especialistas, en exercicio das competencias atribuídas nos artigos 14 e 15 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, resposta ao consenso existente na Mesa Sectorial de negociación respecto á necesidade de promover a incorporación de profesionais da área sanitaria con novas titulacións aos cadros de persoal das institucións sanitarias. Esta previsión, polo demais, xa figuraba expresada no Acordo sobre mellora retributiva e profesional asinado o 1 de outubro de 2003 (DOG nº 232, do 28 de novembro). Polas institucións do Servizo Galego de Saúde advírtese tamén da necesidade de incorporar profesionais que teñan formación adecuada ás funcións que se realizan nas mesmas.

Por último, o presente Decreto atende á situación actual e traxectoria profesional do persoal que desempeña ou desempeñou as funcións atribuídas á nova especialidade.

O presente Decreto dítase trala preceptiva negociación na Mesa Sectorial.

Na súa virtude, por proposta da consellería de Sanidade, de acordo co dictame núm. ..., do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación no Consello da Xunta na súa reunión do día...

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto

Créase no Servizo Galego de Saúde, dentro da categoría de persoal técnico especialista (persoal sanitario de formación profesional), a especialidade de dietética.

Artigo 2.- Réxime Xurídico

A relación do persoal desta especialidade co Servizo Galego de Saúde regularase polo presente Decreto, pola Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco e a normativa de desenvolvemento e complementaria aplicable ao persoal técnico especialista do Organismo.

Artigo 3.- Acceso

Para o acceso á especialidade de dietética será requisito indispensable estar en posesión do título de técnico/a superior en dietética (formación profesional da área sanitaria).

Entenderase cumprido este requisito cando se posúa calquera outro título declarado equivalente, nos termos previstos na normativa de ordenación xeral da formación profesional.

A superación das probas de selección, convocadas en execución dunha oferta pública de emprego, será requisito para acceder á condición de persoal estatutario fixo da especialidade.

A selección de persoal temporal efectuarase polo procedemento establecido previa negociación na Mesa Sectorial.

Artigo 4.- Funcións

Corresponde ao persoal técnico especialista en dietética o desempeño, baixo a dirección da institución sanitaria e a supervisión que a mesma dispoña, das funcións inherentes ao conxunto de aptitudes e capacidades que derivan da titulación de técnico superior en dietética. En particular, desenvolverá principalmente as seguintes funcións:

- a) Organizar e xestionar, ao seu nivel, a área de traballo asignada na unidade.
- b) Elaborar e supervisar dietas adaptadas ás necesidades dos pacientes, segundo as correspondentes especificacións facultativas.
- c) Controlar e supervisar a composición cualitativa dos alimentos.
- d) Supervisar a conservación, manipulación e transformación dos alimentos.
- e) Realizar o seguimento e estudar a aceptación das dietas polos pacientes.
- f) Todas aquelas outras funcións ás que habilite o seu currículo formativo no seu ámbito funcional.

O persoal técnico especialista en dietética desenvolverá as súas funcións sen menoscabo da competencia, capacidade de supervisión, responsabilidade e autonomía dos profesionais sanitarios doutras categorías que actúan no ámbito da dietética e a nutrición.

Artigo 5.- Cadro de persoal

Correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde determinar o número de efectivos de persoal da nova especialidade que poden prestar servizos con carácter estrutural. Esta medida farase efectiva mediante as modificacións que procedan nos cadros de persoal técnico especialista, coas limitacións e consonte ás previsións establecidas nas disposicións orzamentarias en vigor.

Disposición transitoria primeira. Situación do persoal fixo que desempeña actualmente funcións de técnico especialista en dietética.

1. O persoal fixo que, á entrada en vigor deste Decreto, se atope desempeñando postos de traballo cuxo contido funcional se corresponda coas funcións que no mesmo se asignan aos especialistas en dietética permanecerá no seu exercicio. Unha vez que fiquen vacantes, por calquera das causas previstas legalmente, serán amortizados e se transformarán en prazas da categoría técnico especialista en dietética de conformidade co artigo quinto deste decreto.

2. O persoal fixo a que se refire o parágrafo anterior, que ostentando o título de Técnico Especialista en dietética, superase o primeiro proceso selectivo que se convocase para persoal desta categoría e no intre da elección de destino permanecese no mesmo, poderá optar pola transformación do seu posto de traballo en praza da categoría técnico en dietética ou participar na elección de destino.

Disposición transitoria segunda. Situación do persoal temporal que desempeña actualmente funcións de técnico especialista en dietética.

1. As prazas desempeñadas por persoal temporal que, á entrada en vigor deste Decreto se atope exercendo, con carácter fundamental, as funcións que se atribúen á categoría técnico especialista en dietética serán obxecto de convocatoria pública como prazas desta categoría no primeiro proceso selectivo que se celebre. O dito persoal permanecerá no seu desempeño ata que se produza o seu cesamento pola toma de posesión dos aspirantes que superasen o proceso selectivo ou pola cobertura regulamentaria por persoal estatutario fixo da categoría técnico especialista en dietética.

2. O nomeamento do persoal con vínculo temporal en praza vacante que á entrada en vigor deste Decreto se atope desempeñando as funcións que na mesma se asignan aos especialistas en dietética, e estea en posesión do título requirido para o acceso, será transformado polo nomeamento correspondente a dita categoría.

Disposición transitoria terceira. Valoración de servizos prestados

Os servizos prestados en desenvolvemento, con carácter fundamental, das funcións propias da especialidade en dietética, e debidamente certificados, terán a consideración de prestados en dita especialidade nos procesos de selección, para persoal temporal ou fixo, que se formalicen para o acceso a prazas de dita especialidade.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Facúltase á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde para adoptar as medidas pertinentes, no ámbito das súas competencias, para o desenvolvemento e aplicación do disposto no presente Decreto.

TEXTO MS 12.09.08

Segunda.- Este Decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.